



EXCMO.
CONCELLO DE RIBADEO
CONCELLARÍA DE CULTURA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Turismo




xacobeo



Asociación Amadores da Música



Banda Sinfónica
Municipal de
Ribadeo



Banda de Música Municipal de Ribadeo

Concerto de Semana Santa

4 abril de 2007

Auditorio municipal Hernán Naval
20:30 h.

Concertos de Semana Santa houbo moitos ao longo dos quince anos de historia que ten a Banda Municipal de Ribadeo (BMR) pero poucos tiveron o significado que ten o desta noite. Un mes despois da súa participación no I Certame de Bandas de Música Vila de la Sénia (Catalunya) a BMR ten unha débeda pendente con quen, dun xeito ou outro, fixo posíbel que a formación dirixida polo mestre Lourenço Cruz poidese participar nese festival. Por elo esta noite a BMR presenta en Ribadeo, de xeito íntegro, o programa co que acadou o recoñecemento do xurado, do público e dos medios de comunicación.

Pouco ou nada hai que dicir xa de *Pontearreas*, do mestre de Reveriano Soutullo, máis agora que dende a administración autonómica se pretende dignificar o excepcional traballo que en prol da música do país levaron e levan a cabo nomes como Soutullo, Groba, Gaos, Baudot ou Pereiro. Algo máis se pode contar da peza obrigada pola organización do certame, *Manhattan Pictures*, do holandés Jan Van der Roost, unha peza homenaxe ao barrio-cidade de Manhattan onde todos e cada un dos instrumentos da banda teñen o seu protagonismo, catro movementos de enorme complexidade técnica e sonora onde se aproveitan ao máximo as posibilidades que ofrece unha formación musical das características da BMR.

Non foi a Tarragona pero é novidade tamén nos atrís da municipal ribadense o *Concerto para Bombardino e Banda* con Diego Bermúdez como solista.

Inma Shara, unha das máis prestixiosas directoras de orquestra que existe no mundo, afirma que para escoitar música clásica non é preciso ser un erudito na materia, todo o contrario, só'97 fai falta sentila e desfrutala. O mellor exemplo é'8e a obra libre coa que a BMR participou no certame de La Sénia, *Highlights from Chess*. A poucos se lles ocorrería contar unha historia de amor apoiándose nun xogo de xadrez, pero se nesa minoría se atopan Björn Ulvaeus e Benny Andersson e contan coa maxistral compañía do letrista Tim Rice é comprensíbel que vendesen máis de dous millóns de copias deste musical, que colgase o cartel de "completo" en ducias de recintos ou que dous dos seus fragmentos alcanzasen os postos máis altos das listas de vendas a nivel mundial. Porque para escoitar *Chess* tan só hai que pechar os ollos e deixarse levar pola música, voar ao son dunha das mellores pezas que se ten escrito para banda.

Folga dicir a todas e todos, grazas por estaren sempre aí.

S. López, trompeta da BMR

Programa

Pontearreas R. Soutullo

Concerto para Bombardino e Banda James Currow

Solista: Diego Bermúdez

Manhattan pictures Jan Van Der Roost

I - Allegro deciso

II - Vivace

III - Mesto

IV - Presto

Festa paesana Jacob de Hann

Highlights from chess (the musical) Ulvaeus / Andersson